

# ESQUEMA DA EUCARISTÍA DO DÍA 15 DE MAIO. FESTA DE SANTA XOANA

- 1.- CANTO DE ENTRADA: “Camiño de pedra,…”
- 2.- INTRODUCCIÓN
- 3.- RITO DO PERDÓN. “Perdóanos, Señor”
- 4.- LECTURA DO APÓSTOLO SAN XOAN
- 5.- SALMO. CANTO “Facemos camiño” antes e despois.  
5b) Canción de Siempre Así (Pablo aos Corintios)
- 6.- PROCLAMACIÓN DO EVANXEO (.....)
- 7.- HOMILÍA
- 8.- OFRENDAS. CANTO: “Recibe hoxe ....”
- 9.- LITURXIA EUCARÍSTICA
  - Plegaria Eucarística participada (folleto)
    - Santo: “Santo, Santo, Santo es Ti, Señor”
    - Canto de paz: “Paz é facer novos amigos”
    - Cantos de comunión: “Escoita a súa voz”  
“Escoita ti a palabra de  
Deus”
- 10.- ORACIÓN DESPOIS DA BENDICIÓN
- 11.- HIMNO A SANTA XOANA DE LESTONNAC

# INTRODUCCIÓN

Nesta mañá de Maio do 2009 todos os que compartimos a nosa vida e tarefa, educadores e educandos, reunímonos para celebrar, como todos os anos, o aniversario da proclamación como santa de Xoana de Lestonnac, fundadora da Compañía de María.

Hai xa dous anos que celebramos o catrocentos aniversario da fundación da Compañía de María e hoxe facemos presente que o seu espírito ilumina toda a nosa tarefa e agradecemos a súa iniciativa social e cristiá para instruír a rapaces e rapazas coma nós.

Este ano destacamos a Santa Xoana como ponte para o futuro. A chama que Deus acendeu no seu corazón segue a dar lume e luz ao mundo. Cando ela podía quedar na casa descansando, pois tiña aos seus fillos criados e tamén diñeiro para vivir, non o fixo e dedicou o seu tempo a dar unha resposta decidida a esa chamada que lle fixo Xesús. Foi ponte para que aquelas nenas e rapazas católicas que ían quedar sen formación de ningún tipo puidesen disfrutar dunha oportunidade para mellorar a súa vida. E moitas aproveitaron esa oportunidade.

Hoxe, a Compañía de María segue a imitar á súa fundadora sendo ponte de futuro e esperanza para un colectivo marxinado no Congo a causa da guerra. É un proxecto da FISC que permite, dende hai bastantes anos, axudar e dar formación para que aquelas persoas que sufriron mutilacións poidan atopar un traballo que lles permita ser autónomos e felices.

Esta celebración é unha chamada a sermos pontes, a vivir con ledicia e fraternidade, a lembrar que a felicidade é máis doada cando se da que cando se recibe.

# PEDÍMOSLLE PERDÓN A DEUS

“Perdóanos, Señor”

3º ESO

Todos os billetes de euro teñen a figura da ponte nunha das caras e queren representar o esforzo que facemos xuntos para construír a unidade dos países de Europa.

Pai bo:

pedímosche perdón porque preocupámonos máis de conseguir cousas, de acaparar, de ter máis diñeiro e olvidamos compartir as nosas posesións cos demais.

4º ESO

Traballamos en clase que temos que establecer pontes hacia nós mesmos. Pedímosche perdón por non coidarnos, por deixar que os demais elixan por nós, por mirar a vida con ollos tristes e desesperanzados.

1º BACH

Somos xoves que vivimos nun mundo cada vez máis pequeno, con moitas posibilidades de comunicarnos cos outros.

Señor, pedímosche perdón

por non tender pontes ós demais, por despreocuparnos dos seus problemas e esquecer as súas necesidades, por non entregarnos como o mellor regalo para os demais, polo corazón duro e esixente cando xulgamos ás persoas.

2º BACH

Estamos nesta celebración porque moita xente preocupouse por nós: os nosos pais que nos crearon, amaron e coidaron; os nosos profesores, que se esforzaron por formarnos como persoas; e, tamén, todos aqueles que, co seu amor, axudáronnos a crecer e a pasar pola ponte da vida.

Queremos pedir perdón por non esforzarnos en dar o máximo, por non aproveitar as oportunidades que nos da a vida. En definitiva, por non agradecer e devolver todos aqueles favores que recibimos.

“Perdóanos, Señor”

# LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN XOAN

Amémonos uns ós outros, xa que o amor é de Deus, e todo o que ama naceu de Deus e coñece a Deus.

Quen non ama non coñeceu a Deus, porque Deus é Amor. ... O amor non consiste en que amamos antes ca Deus, senón que foi El quen amounos antes e entón enviou ó seu Fillo para a nosa salvación.

Queridos, se Deus amounos desta maneira, tamén nós debemos amarnos uns ós outros.

Se nos amamos uns ós outros, Deus permanece en nos e o seu amor chegou a nos en plenitude.

Deus é Amor e quen permanece no amor permanece en Deus e Deus permanece nel.

Se algún di: «Amo a Deus», e odia ó seu irmán, é un mentireiro; pois quen non ama ó seu irmán, a quen ve, non pode amar a Deus a quen non ve. E recibimos del este mandamento: quen ama a Deus, ame tamén ó seu irmán.

PALABRA DE DEUS

## SALMO

“Facemos camiño”

Síntome feliz, Señor, porque sei que me queres  
Síntome feliz, Señor, porque tí es o meu amigo  
O meu corazón alégrase e canta cheo de vida.  
O meu corazón di que tí es marabilloso

Tí es grande, Señor, e fas cosas admirables  
Tí es grande e iluminaste o ceo coas estrelas  
Tí es grande e fas o mar cheo de forza  
Tí es grande e creaches a montaña e o prado

Eu son feliz, Señor, con todo o que vive  
Eu son feliz cos meus amigos e amigas  
Eu son feliz cando xogo, cando me sinto querido  
Eu son feliz cando son ponte para a felicidade dos demais

“Facemos camiño”

## **LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGÚN SAN MATEO (Mt 25, 31-46)**

«Cando o Fillo do home veña na súa gloria acompañado de todos os seus anxos, entón sentará no seu trono de gloria. Serán congregadas diante del todas as nacións, e el separará aos uns dos outros, como o pastor separa as ovellas dos cabritos. Porá as ovellas á súa dereita, e os cabritos á súa esquerda. Entón dirá o Rei aos da súa dereita:

"Vide, benditos do meu Pai, recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame, e déstesme para comer; tiven sede, e déstesme de beber; era forasteiro, e acolléstesme; estaba espido, e vestístesme; enfermo, e visitástesme; no cárcere, e viñestes verme."

Entón os xustos responderanlle:

"Señor, cando che vimos famento, e démosche para comer; ou sedento, e démosche de beber? Cando che vimos forasteiro, e acollémosche; ou espido, e vestímosche? Cando che vimos enfermo ou no cárcere, e fomos a verche?"

E o Rei diralles:

"En verdade dígovos que canto fixestes a uns destes irmáns meus máis pequenos, a min fixéstesmo."

Entón dirá tamén aos da súa esquerda:

"Apartádevos de min, malditos, ao lume eterno preparado para o Diaño e os seus anxos. Porque tiven fame, e non me destes para comer; tiven sede, e non me destes de beber; era forasteiro, e non me acollestes; estaba espido, e non me vestistes; enfermo e no cárcere, e non me visitastes."

Entón dirán tamén estes:

"Señor, cando che vimos famento ou sedento ou forasteiro ou espido ou enfermo ou no cárcere, e non che assistimos?"

E el entón responderalles:

"En verdade dígovos que canto deixastes de facer cun destes máis pequenos, tamén comigo deixastes de facelo."

E irán estes a un castigo eterno, e os xustos a unha vida eterna.»

**PALABRA DE DEUS**

# PRESENTACIÓN DAS OFRENDAS

“Recibe hoxe ....”

3º ESO

Santa Xoana fixo ben as cousas. Fíxoas tan ben que a Compañía de María xa leva máis de 400 (catrocentos) anos tendendo a man. Segue a ser, por tanto, unha esperanza nun mundo desesperanzado, unha **semente** que plantamos sempre que aproveitamos as oportunidades que temos para esforzarnos no estudio, nos deportes, na familia, ... na vida. Sabemos que a semente que hoxe traemos ten moito futuro porque ten moito pasado.

4º ESO

Santa Xoana tivo unha forte paixón na súa vida: manter a chama da fe. Esta **Biblia** e este **retrato de Xesús** que ofrecemos hoxe son as bases da fe que Santa Xoana descubrira de pequena e tamén o motivo da súa forza, da súa entrega e do seu esforzo por mellorar. Unha fe que sempre quixo manter viva e que a levou a darse ós demais, a solucionar os problemas da xente máis marxinada do seu tempo e do seu lugar.

1º BACH

Santa Xoana tamén deixounos unha mensaxe, cabezas ben feitas e non ben cheas. Seguro que tamén podería afirmar que ela quería corazóns apaixonados e non corazóns fríos. Xoán Paulo II (segundo) resumiu isto dicindo que o amor era o DNI dos fillos de Deus. Aquí ofrecemos un **corazón** coa fachada do noso colexio coa intención de recordar que é o lugar onde podemos levar a cabo esa mensaxe do amor que escoitamos no evanxeo. Tamén é importante lembrar que o colexio segue a ser ponte, como santa Xoana quixo, para que outras persoas descubran o amor de Cristo.

2º BACH

Santa Xoana, unha ponte para o futuro. Este é o lema desta festa e queremos acabar as ofrendas rematando nós mesmos esta ponte que fixemos entre todos os cursos. Somos os maiores desta celebración e, por tanto, correspóndenos esforzarnos por imitar con máis empeño as cualidades que Santa Xoana vivira intensamente: a fe, a esperanza, e o amor.

Deixamos tamén como ofrenda e oración esta **cesta co diñeiro** recollido nas rifas e nas donacións destinadas a ser ponte de futuro para aqueles feridos no Congo que sofren mutilacións nos brazos ou nas pernas.

E, por último, ofrecemos o **pan** e o **viño** como recordo da entrega e do sacrificio que Santa Xoana e Xesucristo levaron a cabo para facer de pontes e atender ás necesidades daqueles que estaban ó redor deles.

“Recibe hoxe ....”

## **DESPOIS DA BENDICIÓN-**

Antes de marchar, remataremos cun conto e unha oración.

Contan que unha rapaza tiña moito frío e parecía con pouca esperanza de encontrar unha comida decente. Alguén anoxouse con Deus e díxolle: - ¿Por qué permites isto? ¿Por qué non fas algo para remediar isto?. Por un tempo, Deus non dixo nada pero esa mesma noite, cando durmía, oíu a Deus que respondía: - Xa fixen algo para remedialo... Fíxenche a ti.

Só Deus pode dar a fe,  
pero ti podes dar o teu testemuño.  
Só Deus pode dar esperanza,  
pero ti podes devolvela ao teu irmán.  
Só Deus pode dar o amor,  
pero ti podes ensinar a amar.  
Só Deus pode dar a paz,  
pero ti podes sementar a unión.  
Só Deus pode dar a forza,  
pero ti podes animar ao desanimado.  
Só Deus é o camiño,  
pero ti podes sinalalo aos outros.  
Só Deus é a luz,  
pero ti podes facer que brille aos ollos de todos.  
Só Deus é a vida,  
pero ti podes facer que florezca o desexo de vivir.  
Só Deus pode facer o que parece imposible,  
pero ti podes facer o posible.  
Só Deus bástase a si mesmo,  
pero prefere contar contigo.